

A disposición transitoria da lei ten por finalidade ordenar a continuación da formulación das contas anuais consolidadas da SEPI de acordo cos criterios establecidos polas normas que regulan a elaboración da Conta Xeral do Estado sen que lle sexa de aplicación a obriga de consolidar establecida no Código de comercio.

Finalmente, a disposición derogatoria suprime a exigencia imposta á Sociedade Estatal de Participacións Industriais de conservar uns fondos propios mínimos de 1.200 millóns de euros (200.000 millóns de pesetas), límite mínimo que estableceu a disposición adicional cuarta do Real decreto lei 15/1997, do 5 de setembro, polo que se modifica a Lei 5/1996, do 10 de xaneiro. Isto permitirá que o novo enfoque empresarial que se lle encomenda á Sociedade Estatal de Participacións Industriais se leve a cabo dunha maneira eficaz e áxil na xestión dos seus recursos.

Artigo 1.

Dáselles nova redacción aos puntos 3 e 4 do artigo 12 da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público e engádeselle a este un novo número 7 nos seguintes termos:

«Artigo 12. *Réxime xurídico e patrimonio.*

...

3. Os recursos da Sociedade Estatal estarán integrados por:

- a) Os bens e valores que constituían o seu patrimonio e os produtos e rendas del.
- b) Os ingresos xerados polo exercicio das súas actividades.
- c) Os procedentes dos créditos, préstamos e demais operacións financeiras que poida concertar.
- d) As achegas efectuadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- e) Calquera outro que lle sexa atribuído ou que adquira no exercicio lexítimo da súa actividade.

4. A Sociedade Estatal de Participacións Industriais e as sociedades participadas maioritariamente, directa ou indirectamente, por esta poderán percibir transferencias, subvencións, avais, subrogacións de débeda, ampliacións de capital e calquera outro tipo de achegas equivalentes con cargo aos orzamentos xerais do Estado, das comunidades autónomas ou das corporacións locais.

...

7. As débedas que a SEPI contraia na captación de fondos nos mercados nacionais ou estranxeiros, mediante a emisión e colocación de valores de renda fixa, poderán gozar fronte a terceiros da garantía do Estado. Esta garantía prestarase nos mesmos termos que para as obrigas da Facenda Pública e ata o importe máximo que, ao respecto, establece a Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio. Este importe máximo referirase, en todo momento, ao importe vivo acumulado da débeda da SEPI garantida polo Estado.»

Artigo 2.

Engádesse un punto 4 ao artigo 13 da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público, coa seguinte redacción:

«Artigo 13. *Capacidade de endebedamento.*

...

4. As sociedades participadas maioritariamente, directa ou indirectamente, pola Sociedade Estatal de Participacións Industriais poderán emitir accións rescatables nos termos previstos nos artigos 92 bis e 92 ter do texto refundido da Lei de sociedades anónimas.»

Artigo 3.

Modifícase o número 2 do artigo 14 da Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 14. *Réxime contable, orzamentario e fiscal.*

...

2. A Sociedade Estatal de Participacións Industriais e as sociedades residentes en territorio español que formen parte do seu grupo no sentido dos artigos 42 e seguintes do Código de comercio, poderán suxeitarse ao réxime de tributación consolidada do imposto sobre sociedades en canto non se amortizase integramente a débeda xerada polo Instituto Nacional de Industria. O disposto neste punto aplicárase sen prexuízo do sinalado na disposición transitoria desta lei.»

Disposición transitoria.

Mentres a Sociedade Estatal de Participacións Industriais teña a obriga de elaborar información contable consolidada de acordo coas normas que regulan a elaboración da Conta Xeral do Estado, formulará as súas contas anuais consolidadas en todo caso de acordo cos criterios establecidos nas ditas normas, sen que lle sexa de aplicación a obriga de consolidar prevista no artigo 42 do Código de comercio.

Disposición derogatoria.

Derrógase a disposición adicional cuarta do Real decreto lei 15/1997, do 5 de setembro, polo que se modifica a Lei 5/1996, do 10 de xaneiro, de creación de determinadas entidades de dereito público.

Disposición derradeira primeira.

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para que no exercicio durante o cal entre en vigor esta lei acorde as modificacións orzamentarias necesarias para a aplicación desta lei.

Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

9963

ORDE SCO/1741/2006, do 29 de maio, pola que se modifican os anexos do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios. («BOE» 134, do 6-6-2006.)

A disposición derradeira segunda do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as

bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, habilita o ministro de Sanidade e Consumo para o desenvolvemento normativo das súas previsións incluíndo expresamente «a actualización da clasificación e das definicións dos centros, servizos, establecementos e unidades asistenciais a que se refiren os seus anexos».

O exercicio profesional da psicoloxía, que desde sempre tivo un marcado carácter polivalente manifestado nos seus plans de estudo e nas diversas opcións e incluso itinerarios curriculares específicos da licenciatura, encóntrase inmersa, desde hai tempo, nun proceso de profundos cambios que no ámbito sanitario tivo as súas propias manifestacións, como as derivadas da creación da especialidade de psicoloxía clínica mediante o Real decreto 2490/1998, do 20 de novembro, polo que se crea e regula o título oficial de psicólogo especialista en psicoloxía clínica, e a posterior consideración desta como unha «profesión sanitaria titulada e regulada», nos termos previstos no artigo 36 da Constitución, pola Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, que, porén, non considera como tal o licenciado en psicoloxía sen a dita especialidade.

Esta situación aconsella incorporar algunhas modificacións no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, mediante as cales se pretende, por un lado, adecuar algunhas das súas definicións aos contidos da psicoloxía clínica segundo a doutrina científica e profesional máis consolidada, posibilitando, por outro lado, que o elevado número de licenciados en psicoloxía sen especialidade se poidan acoller ao réxime de autorizacións nos termos previstos por esta orde, cando se pretenda que os centros ou gabinetes onde exercen a súa profesión teñan a consideración de centros sanitarios.

Isto non impide que, aínda cando non se acollan ao dito réxime, poidan seguir exercendo a profesión colexiada de «psicólogo» en todas as súas facetas, incluída a relacionada coa saúde, como o viñan facendo con anterioridade á Lei 44/2003, do 21 de novembro, sen que o obxectivo desta norma, como tampouco o é do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, sexa modificar, nin directa nin indirectamente, o deseño das profesións sanitarias reguladas e tituladas que efectúa a mencionada lei, senón establecer criterios de calidade e seguridade respecto aos centros sanitarios que autorizan as distintas administracións sanitarias a que legalmente corresponde esta competencia.

As modificacións que incorpora esta orde nos anexos do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, foron obxecto de informe pola Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, na cal, ademais dos ministerios de Sanidade e Consumo e de Educación e Ciencia, entre outros, están representadas todas as administracións sanitarias, polo Consello Asesor de Sanidade, pola Organización Colexial de Psicólogos, pola Conferencia de Decanos das Facultades de Psicoloxía e por diversas asociacións científico-profesionais, cuxas achegas foron tidas en conta no proceso de elaboración desta norma.

Esta orde dítase de conformidade coa disposición derradeira segunda do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro.*

O Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, queda modificado como segue:

Un. A referencia C.2.5.10 do anexo I queda redactada do seguinte modo:

«C.2.5.10 Centros de recoñecemento.»

Dous. A referencia C.2.5.10 do anexo II queda redactada do seguinte modo:

«C.2.5.10 Centros de recoñecemento: centros sanitarios onde, de acordo co previsto na súa normativa específica, se levan a cabo recoñecementos médicos e psicolóxicos para determinar as condicións físicas e psicolóxicas dos aspirantes ou titulares de permisos ou licenzas, ou para a realización de determinadas actividades e para a súa renovación.»

Tres. A referencia C.2.5.11 do anexo II queda redactada do seguinte modo:

«C.2.5.11 Centros de saúde mental: centros sanitarios nos cales se realiza o diagnóstico e tratamento en réxime ambulatorio das enfermidades e trastornos mentais, emocionais, relacionais e do comportamento.»

Catro. A referencia U.70 do anexo II queda redactada do seguinte modo:

«U.70 Psicoloxía clínica: unidade asistencial na cal un psicólogo especialista en psicoloxía clínica é responsable de realizar o diagnóstico, avaliación, tratamento e rehabilitación dos trastornos mentais, emocionais, relacionais e do comportamento.»

Cinco. A referencia U.900 do anexo II queda redactada do seguinte modo:

«U.900 Outras unidades asistenciais: unidades baixo a responsabilidade de profesionais con titulación oficial ou habilitación profesional que, aínda cando non teñan a consideración legal de «profesións sanitarias tituladas e reguladas» no sentido previsto no artigo 2.1 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, levan a cabo actividades sanitarias que non se axustan ás características de ningunha das unidades anteriormente definidas, pola súa natureza innovadora, por estaren en fase de avaliación clínica, ou por afectaren profesións cuxo carácter polivalente permite desenvolver, cunha formación adecuada, actividades sanitarias vinculadas co benestar e a saúde das persoas en centros que teñan a consideración de sanitarios.»

Disposición adicional única. *Consultas de psicoloxía.*

1. Ás solicitudes de autorización de consultas de psicoloxía seralles de aplicación o previsto no punto U.900 do anexo II do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, cando o solicitante, aínda non posuíndo o título de especialista en psicoloxía clínica, acredite, quer ter cursado os estudos da licenciatura de psicoloxía seguindo un itinerario curricular cualificado pola súa vinculación coa área docente de personalidade, avaliación e tratamento psicolóxicos ou coa psicoloxía clínica e da saúde, quer unha formación complementaria de posgrao relativa ás ditas áreas, non inferior a 400 horas, das cales polo menos 100 deberán ser prácticas tuteladas por psicólogos especialistas en psicoloxía clínica, en centros, institucións ou servizos universitarios de psicoloxía onde se realicen actividades de atención á saúde mental, ou en consultas ou gabinetes de psicoloxía clínica, debidamente autorizados, conforme as previsións do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro.

2. As administracións sanitarias, a fin de determinar se os itinerarios curriculares da licenciatura ou a formación complementaria alegada polos solicitantes se adecúan ás materias que se citan no número anterior, poderán solicitar asesoramento ás facultades de psicoloxía e á Organización

Colexial de Psicólogos, ou aos ministerios de Sanidade e Consumo e de Educación e Ciencia, a través da Comisión Nacional da Especialidade de Psicoloxía Clínica.

3. O previsto nesta disposición adicional enténdese sen prexuízo da súa adaptación ás normas que se diten para adecuar o ordenamento xurídico do Estado ao Espazo Europeo de Educación Superior, unha vez que se desenvolvan os reais decretos 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao, e 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de maio de 2006.—A ministra de Sanidade e Consumo, Elena Salgado Méndez.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

10079 *REAL DECRETO 605/2006, do 19 de maio, polo que se aproban os procedementos para a aplicación da Norma UNE-EN 197-2:2000 aos cementos non suxeitos á marcación CE e aos centros de distribución de calquera tipo de cemento.* («BOE» 135, do 7-6-2006).

O Real decreto 1313/1988, do 28 de outubro, declarou obrigatoria a homologación dos cementos para a fabricación de formigóns e argamasas para todo tipo de obras e produtos prefabricados.

Na disposición derradeira primeira do dito real decreto fáctanse os ministros de Industria e Enerxía e de Fomento para modificar as referencias a normas UNE que figuran no seu anexo.

De acordo con esta disposición derradeira aprobouse a Orde PRE/2829/2002, do 11 de novembro, pola que se modifica a referencia a normas, para axustar este regulamento ás novas normas UNE, así como á entrada en vigor da marcación CE para os cementos comúns.

No caso dos cementos comúns xa se estableceu a entrada en vigor da marcación CE mediante a Comunicación da Comisión 2001/C 20/04, que a nivel nacional se traspón coa Orde do 3 de abril de 2001.

No caso dos cementos de baixa calor de hidratación xa se estableceu a entrada en vigor da marcación CE mediante a Comunicación da Comisión 2005/C 139/03, que a nivel nacional se traspón coa Resolución do 9 de novembro de 2005.

Para o resto dos cementos distintos dos comúns aprobáronse novas normas UNE, nas cales se establecen as súas especificacións técnicas. Este real decreto establece o procedemento polo que se debe realizar a avaliación da conformidade destes cementos, recollida na Norma UNE-EN 197-2:2000, cuxo cumprimento obrigatorio vén imposto polo Real decreto 1313/1988, do 28 de outubro, na súa redacción dada pola Orde PRE/2829/2002, do 11 de novembro.

Así mesmo, establécense os aspectos relativos á autorización dos centros de distribución de calquera tipo de cemento, de acordo co capítulo 9 da norma UNE-EN 197-2:2000.

Este real decreto dítase co obxecto de previr e limitar riscos, así como para a protección contra accidentes e sinistros capaces de producir danos ou perdas derivados da utilización dos produtos que regula, por medio do esta-

blecemento de controis que permitan detectar ou contribuír a evitar aquelas circunstancias que puidesen dar lugar á aparición de riscos e mitigar as consecuencias de posibles accidentes, todo isto no ámbito da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, así como do Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguranza industrial.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se aplican as disposicións da Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de maio de 2006,

DISPÓN O:

Artigo único. *Obxecto e campo de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer os procedementos para a aplicación da Norma UNE-EN 197-2:2000 «Cementos. Parte 2: Avaliación da conformidade» ás fábricas de cementos non suxeitos á marcación CE e aos centros de distribución de calquera tipo de cemento e que se inclúen como anexo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Resolución do 12 de xuño de 1997, da Dirección Xeral de Industria, pola que se aproba o sistema para a realización dos controis da produción e distribución do cemento establecidos na Norma UNE 80 403: 1996, publicada no «Boletín Oficial del Estado» do 18 de xuño de 1997, e cantas disposicións se opoñan ao previsto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.º da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 19 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,

JOSÉ MONTILLA AGUILERA

ANEXO

Procedementos para a aplicación da Norma UNE-EN 197-2:2000 «Cementos. Parte 2: Avaliación da conformidade» ás fábricas de cementos non suxeitos á marcación CE e aos centros de distribución de calquera tipo de cemento

1. Obxecto e campo de aplicación.

1.1 Este anexo establece os procedementos para:

Realizar a avaliación da conformidade nas fábricas dos cementos definidos nas normas UNE 80 303-1:2001 e 1M:2006, UNE 80 303-2:2001 e 1M:2006, UNE 80 305:2001, UNE 80 307:2001 e UNE 80 310:1996 que figuran no anexo do Real decreto 1313/1988, do 28 de outubro, na súa